



RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA

Asunto: Cesamento de funcionaria interina administrativa por acumulación de tarefas.

Expediente: 2023/G003/000153 **Expediente orixe:** 2023/E005/000007

Sendo titular da Presidencia do Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento de A Coruña, don Valentín González Formoso, a referida Autoridade dita a seguinte resolución:

Ao abeiro do disposto nas bases que rexen o proceso selectivo para a creación dunha bolsa de emprego para a provisión interina e/ou laboral temporal para postos de administrativo/as no Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña (BOP nº190 de data 05.10.2022), con data 21.11.2022 procédese ao chamamento de D^a Alba Reino Rey con DNI **3787**E para tomar posesión como administrativo do grupo C1, cun nomeamento de acumulación de tarefas por un período máximo de 9 meses, manifestando a súa aceptación no mesmo acto e tomando posesión do dito posto o 12.12.2022.

Con data 01.06.2023 mediante escrito con rexistro de entrada da sede electrónica número 202399900000278 manifesta a súa renuncia ao posto con data de efecto o día 02.06.2023.

Logo de ver o exposto, procede a aceptación da renuncia achegada e en consecuencia a sinatura da correspondente acta de cese do funcionaria interina, con data do cese a de fin da xornada do 02.06.2023.

Por todo o anterior e ao abeiro do disposto no artigo 21.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local e o 14 dos Estatutos reguladores do Consorcio, mediante o presente

RESOLVO :

PRIMEIRO.- Aceptar a renuncia expresa e en consecuencia cesar a D^a Alba Reino Rey con DNI **3787**E como funcionaria interina, administrativa do grupo C1, previa sinatura da correspondente acta con data de cese a fin da xornada do 02.06.2023.

SEGUNDO.- Facer público este acordo no Taboleiro de anuncios do Consorcio, no Taboleiro de anuncios da sede electrónica e na páxina web do Consorcio.

TERCEIRO.- Dar traslado da mesma aos servizos de Secretaría-Intervención e nóminas á persoa interesada.

CUARTO.- Notificar esta resolución ao interesado.

QUINTO.- Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes a contar a partir do día seguinte ó da recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o xulgado que corresponda no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

En Carballo, na data que figura na sinatura dixital

O presidente,
Asdo.: Valentín González Formoso

A Secretaria Interventora,
Asdo.: M^o Graciela Riveiro Moreira